

PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2023/24 (PL500B)

PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN

Pola Orde do 28 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades anúnciase a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2023/24 (PL500B) (DOG núm. 10, luns, 15 de xaneiro de 2024).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria, logo do informe elaborado pola Comisión Central de Cualificación para a análise e cualificación dos proxectos (base 9 da convocatoria), a xefatura territorial formula esta proposta provisional de resolución de adxudicación, na que consta a puntuación acadada para cada centro admitido (Anexo I) e informa que non existen solicitudes excluídas.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao dito gabinete provincial (sxpl.pontevedra@xunta.es), no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Pontevedra
O director territorial

